

The background of the top half of the page is a solid blue color. Overlaid on this is a faint, light blue graphic of a hand with the index finger pointing upwards. A network diagram is also overlaid, consisting of several circular nodes containing a person icon, connected by thin lines. The text 'PLAN DIXITAL' is centered in white, bold, uppercase letters.

# PLAN DIXITAL

IES RAMÓN CAAMAÑO

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora

## 5. Difusión do PD

## Introdución

### Datos básicos do centro

- Nome: IES Ramón Caamaño.
- Código centro: 15027927.

- Dirección: Rúa Manuel Lastres, 33, CP 15124, Muxía (A Coruña).
- Correo electrónico: [ies.ramon.caamano@edu.xunta.gal](mailto:ies.ramon.caamano@edu.xunta.gal) .
- Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesramoncaamano/> .
- Etapas educativas: ESO.
- N° de alumnado: 79.
- N° de profesorado: 18.

O IES Ramón Caamaño é un centro educativo tipo C e, na actual Rede de Centros, ten adxudicadas un total de 6 unidades da ESO.

O centro está ubicado na vila de Muxía, capital do concello do mesmo nome. O Concello de Muxía está situado na Costa da Morte, cunha extensión de 121 km<sup>2</sup> e unha poboación de 4657 habitantes segundo o padrón do ano 2019.

Muxía é un concello costeiro, onde o litoral forma a súa unidade morfolóxica máis importante. A pesar de ter moitos quilómetros de costa, tan só a vila de Muxía vive da actividade pesqueira, e cada vez en menor medida. O resto da poboación das aldeas dedícase principalmente á agricultura, gandería, explotacións forestais e construción.

Nestes últimos anos, debido ao crecente interese xerado polo Camiño de Santiago, tanto a nivel autonómico, como nacional e internacional, a principal actividade económica da zona é a derivada do sector turismo: hoteis, restaurantes, apartamentos turísticos... Esta vila é un punto de visita obrigado para calquera persoa que desexe coñecer a Costa da Morte e a Ruta Xacobeana de Muxía e Fisterra.

## **1.2 Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro**

O IES Ramón Caamaño está localizado en Muxía, un concello rural do nordeste da provincia de A Coruña. Forma parte da comarca de Fisterra, na Costa da Morte.

Ten unha poboación de 4.564 habitantes e unha extensión de 121 km<sup>2</sup>, dividida en 14 parroquias (INE, 2021). Con isto, a densidade de poboación é de 37 hab./km<sup>2</sup>, o que da conta da dispersión da poboación e tamén da despoboación. É un concello costeiro, aínda que nos últimos anos o sector pesqueiro foi reducindo a súa actividade. Parte do territorio tamén é interior, onde a actividade gandeira e agrícola ten certa importancia. En total o concello contaba, no 2020 segundo o INE, con 277 pequenas empresas activas. O auxe do Camiño de Santiago nos últimos

anos fixo que parte da actividade económica se centre na hostalería e no sector servizos. Por outra parte, a recente apertura do Parador tamén dinamiza o movemento turístico cara a vila.

A renda media no concello é de 11.602 € (Instituto Galego de Estatística, 2019) polo que podemos dicir que nos situamos nun concello cun nivel socioeconómico baixo; e tamén cun nivel cultural medio-baixo.

Muxía está moi próximo a Cee, localidade que conta cun gran número de servizos (hospital, Facenda, oficina do INEM, cine, centro comercial ...). Por isto, é un referente en todos os aspectos, incluíndo o educativo, xa que os estudos de Bacharelato ou algúns ciclos formativos se realizan alí.

Tendo este contexto presente, co desenvolvemento do Plan Dixital preténdese a curto e medio prazo atallar dous aspectos fundamentais:

**1. Mellorar as infraestruturas do centro no ámbito tecnolóxico:** con isto referímonos á mellora da conexión a internet e á progresiva renovación dos equipos informáticos segundo as necesidades.

## **2. Mellorar a competencia dixital en tres ámbitos:**

- **Alumnado.** O centro xa viña traballando neste aspecto ao incorporar como materia de libre configuración en 1º e 2º da ESO a materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TICs), cunha sesión semanal en cada curso. Tamén dende as titorías se viñan traballando temáticas coma a seguridade en internet, por exemplo. Co Plan Dixital o que se pretende é seguir nesta liña, estendendo a formación ao alumnado de todos os cursos, e realizando unha formación coordinada entre o equipo docente e o equipo directivo. Elaborarase un decálogo de prácticas seguras; este tratarase nas titorías e tamén dende as materias de TICs e Tecnoloxía. Para reforzar isto, tamén se organizarán charlas informativas a través do Plan Director e do Plan Navega con Rumbo.

- **Docente.** A enquisa SELFIE e a CDD reflicten un nivel medio-baixo no relativo á competencia dixital docente. Co obxectivo de mellorar isto, crearase un grupo de traballo que, xunto co/a coordinador/a TIC e o equipo directivo, xestionará a organización de cursos de formación para os docentes. Algún curso estará orientado ao correcto manexo das ferramentas institucionais (XADE, Abalar, Webex, Aula Virtual), outros centraranse no manexo do propio equipamento do centro (pizarras dixitais, sistemas operativos) e outras sesións estarán dirixidas ao aproveitamento didáctico das tecnoloxías, co fin de mellorar a práctica docente (emprego de libros dixitais, web do centro, ofimática).

- **Familias e persoal non docente.** O centro xa viña traballando nesta liña a través do programa "Escola de familias". Este programa consiste na organización de cursos de informática para as familias interesadas, en horario non lectivo e nos espazos do centro. Estes enfocáronse no emprego de ferramentas básicas (aula virtual, correo electrónico ou ofimática básica) para que dende as casas o alumnado teña apoio á hora resolver posibles incidencias. Dende o Plan Dixital, o obxectivo é continuar nesta liña de formación. Ademais, preténdese pór en marcha un programa de formación dixital do persoal non docente, centrado no manexo

de plataformas oficiais da Xunta e tamén no manexo de ferramentas dixitais básicas para o desenvolvemento do traballo de Administración.

Con isto preténdese facer o máximo aproveitamento dos recursos tecnolóxicos dos que dispón o centro involucrando a toda a comunidade educativa e mellorando a súa competencia dixital. Cremos que a curto prazo isto repercutirá na mellora da calidade docente, na axilización do traballo administrativo (tanto docente coma non docente) e, en definitiva, na optimización global do traballo realizado dentro do centro e fóra coas familias.

Todas estas medidas están incluídas e detalladas na sección 3 deste documento, onde se recolle o plan de acción.

Para finalizar a presente epígrafe, cómpre salientar que, en todo momento, se pretende unha coherencia entre o noso Plan Dixital de Centro e o asentado na Programación Xeral Anual. Ademais, no IES Ramón Caamaño estamos a elaborar o Proxecto Educativo de Centro, no cal se contemplará información actualizada sobre o presente Plan Dixital de Centro.

### 1.3 Breve xustificación do mesmo

Para a elaboración do Plan dixital tívose en conta a seguinte normativa:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

### 1.4 Proceso de elaboración

No centro contamos coa asesoría da mentora da Rede Galega Dixitalgal da zona do equipo Adix Vimianzo, polo que ela foi a que guiou este proceso e nos asesorou no mesmo. Todo foi consensado no equipo coas achegas de todos e todas e redactado entre a mentora e a coordinadora TIC.

O proceso de seguimento por parte da mentora xa establecía en canto a tempo a entrega de diversas tarefas ao longo do curso que posteriormente darían forma o que é o Plan dixital en si.

No primeiro trimestre realizouse a avaliación inicial a través da ferramenta SELFIE para coñecer o estado en canto a dixitalización do centro. No comezo do segundo trimestre utilizouse o Test CDD para coñecer a competencia dixital dos mestres e

mestras do centro. Coa información destas dúas ferramentas procedeuse a realización do DAFO.

Neste segundo trimestre tivemos dúas formacións online para axudarnos no proceso de elaboración do Plan Dixital por parte do equipo Adix Vimianzo. No terceiro trimestre elaborouse as táboas do plan de acción e por último procedeuse a redacción do Plan Dixital.

## 2 Situación de partida

### 2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- EQUIPAMENTO DIXITAL:

#### Despachos:

Dirección, Xefatura de Estudos, Secretaría: 5 ordenadores, 3 portátiles e dous de mesa. 4 impresoras; 1 por cargo máis unha propia de Secretaría.

Conserxería: 1 ordenador portátil máis 2 impresoras do servizo xeral de reprografía.

#### Aulas docencia:

8 aulas xerais equipadas con pantalla táctil, ordenador portátil ou fixo de profesor e canón proxector. (Destas, 4 aulas corresponden o que se denominou "Aulas Abalar")

4 aulas específicas (Plástica, Música, Taller de Tecnoloxía e Laboratorio) con ordenadores de profesorado 1 de mesa e tres portátiles + canón proxector. Algún ordenador portátil antigo reciclado para consulta en aula.

#### Salón de Actos:

1 ordenador portátil+canón proxector+pantalla

#### Biblioteca:

10 ordenadores de mesa para consulta e traballo + 1 ordenador de mesa xestión biblioteca.

#### Radio Buserana:

1 ordenador+mesa de control e mestura do son+ micrófonos

#### Aula TICs:

23 ordenadores de mesa + 1 ordenador portátil profesorado + canón proxector + 1 impresora 3D

#### Departamentos:

Algúns departamentos empréganse máis que como despachos, como almacéns propios das materias que se imparten no centro. A referencia a equipamento dixital nos mesmos non é relevante. Algúns equipos antigos actualizados só para consulta na rede e o único a Aula de PT que conta contou coa incorporación de 1 ordenador de mesa fixo novo.

- ACCESO Á REDE:

O centro conta con rede cableada en tódolos espazos do mesmo agás a Sala de atención a Pais e a Cafetería do centro.

Conta tamén con cobertura de rede WiFi en todo o centro convivindo as actuais "Abalar" e "edu.xunta.es" (perfecto funcionamento e cobertura) coa "ED\_15027927" (en vías de extinción e á que xa non se pode acceder).

O centro participou nos plans de Mellora Dixital (Mellora da cobertura WiFi e potencia da mesma, incremento dos fluxos de baixada e subida de datos. Melloras na velocidade):

Programa "Escuelas Conectadas" (C121/15-SV) (Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional)  
Programa "Educa en Digital" (C035/20-SP) (Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional)

En ambos casos os "efectos" destas melloras, aínda que visibles, non constituíron un "salto cualitativo" na calidade.

No presente curso 2021-2022 o equipo directivo consegue a ampliación, á maior parte dos espazos do centro que quedaban sen cubrir, da "cobertura WiFi coa rede "edu.xunta.es" coa incorporación de puntos de acceso á rede novos.

- CONVIVENCIA DE SISTEMAS OPERATIVOS

Tradicionalmente o centro apostou e aposta polo emprego de software libre (a maior parte dos ordenadores están equipados coas Maquetas Abalar), se ben no presente curso a dirección do centro incorporou ordenadores provisión da Asociación Paideia equipados con Windows.

- FORMACIÓN TIC

Na actualidade a maior parte do profesorado do centro participa anualmente nos PFPP que vimos constituíndo no centro, normalmente relacionados con aspectos técnicos e conceptuais TIC relacionados coa docencia. Destacar a implantación dunha especie de "Escola de Pais" que se están a formar en aspectos TIC o longo de varias sesións durante o curso.

- RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS TIC e MANTEMENTO

O noso centro é moi pequeno e as incidencias comúns son perceptibles ó instante. Para as pequenas cousas de carácter ordinario é o Coordinador TIC ou o profesorado con máis experiencia TIC quen resolve en cuestión de pouco tempo ós mesmos. Para temas de índole extraordinario é o Coordinador TIC ou este en colaboración co Equipo Directivo do centro quen se poñen en contacto co "Asesor Abalar" de zona ou coa UAC (Unidade de Atención a Centros) segundo o problema específico.

A creación dun grupo de *Whatsapp* de profesorado para a comunicación rápida de todo tipo de incidencias TIC e de avisos entre o profesorado, é unha realidade positiva para un funcionamento máis áxil do centro.

O mantemento dos equipos faise previa solicitude á UAC 1 vez no curso pola empresa “Plexus” con carácter xeral. Para cuestións de índole puntual é o noso “Asesor Abalar” en colaboración co coordinador TIC que fai este labor.

- ESPAZOS DE COMUNICACIÓN INTERACTUACIÓN DIXITAL CENTRO – FAMILIAS

Fundamentalmente son 4 as vías de interacción amplamente implementadas por todo o profesorado no centro:

- Correo Electrónico: Comunicación entre o profesorado ou este coas familias.
- Espazo Abalar: de xestión e comunicación de faltas, avisos ás familias, citas para titorías, etc...
- Aula Virtual do centro: Para a docencia e a comunicación co alumnado.
- Páxina Web do centro: Visibilización de contidos departamentais, avisos xerais de dirección, actividades extraescolares e complementarias, de xestión de certas documentacións e requirimentos de secretaría, etc...

- PROVISIÓN DE EQUIPAMENTO Ó ALUMNADO DURANTE O CURSO

O Equipo Directivo xunto coa Coordinación Tic, testean ó principio de curso xa no momento da matrícula a realidade TIC nos fogares do alumnado, para unha vez iniciado o curso, solicitar a inspección a provisión necesaria de ordenadores portátiles con conexión para as familias máis desfavorecidas.

## 2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO

Para levar a cabo a avaliación inicial da dixitalización do centro utilizamos a ferramenta de autoavaliación SELFIE, da Comisión Europea, que proporciona un informe de situación do centro. A continuación podemos atopar un resumo na seguinte táboa.

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	3
	Profesorado	2.6
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.5



	Profesorado	2.1
	Alumnado	2.8
<b>C- Infraestructuras e Equipos</b>	Equipo Direct.	2.8
	Profesorado	3
	Alumnado	3.5
<b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b>	Equipo Direct.	3.7
	Profesorado	3
	Alumnado	-
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.	3.8
	Profesorado	3.5
	Alumnado	3.9
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	2.8
	Profesorado	2.9
	Alumnado	3.2
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	2.4
	Profesorado	2.5
	Alumnado	2.8
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	2.4
	Profesorado	2.6
	Alumnado	3.5

Ademais tamén se empregou o Test CDD para avaliar a competencia dixital dos mestres e mestras do centro. Podemos ver a información que obtivemos nas seguintes táboas:

*Participación segundo perfil do profesorado*

	<b>N.º profesorado que participa</b>	<b>N.º profesorado total</b>	<b>% participación</b>
<b>DEFINITIVO</b>	8	9	88.9%
<b>PROVISIONAL</b>	3	4	75%
<b>INTERINO</b>	2	3	66.7
<b>SUBSTITUTO</b>	3	3	100%

DESAPRAZADO/OUTROS	1	1	100%
--------------------	---	---	------

#### Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
74.7	Integrador/a (B1)	76.4	Integrador/a (B1)

#### Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	72.6	Integrador/a (B1)	79.2	Integrador/a (B1)

#### Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	2	11.8%
A2	5	29.4%
B1	6	35.3%
B2	2	11.8%
C1	2	11.8%
C2	-	-
<b>TOTAL</b>	17	100.1%

Ademais de toda a información obtida coas dúas ferramentas citadas para a elaboración do DAFO, contamos tamén co asesoramento da persoa mentora de centro e dos membros do EDPD.

Cabe sinalar que os datos do SELFIE ás veces son sesgados e requiriron de interpretación, das persoas antes mencionadas, para facer unha interpretación da situación real do centro.

### 2.3 Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e o TCDD, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO	<p><b>C8.</b> A comunidade educativa afirma que dispón de dispositivos dixitais para o uso do alumnado.</p> <p>-O equipo directivo conta cunha dotación de material e recursos tecnolóxicos conseguidos a través de asociacións externas,</p>	<p><b>C16:</b> Tanto o equipo directivo como o profesorado afirman que non existen no servidor do centro repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensinanza e aprendizaxe.</p>

	o que axuda a mellorar a infraestrutura dixital do centro.	
<b>PERSOAL DOCENTE</b>	<p><b>A3:</b> O profesorado conta co apoio do Equipo Directivo para experimentar novas formas de ensino a través das tecnoloxías dixitais.</p> <p><b>D2:</b> Tanto o equipo directivo como o profesorado afirman ter acceso a diferentes opcións de Desenvolvemento Profesional Continuo relacionadas co ensino das tecnoloxías dixitais.</p> <p><b>E1:</b> Tanto o equipo directivo como o profesorado afirman que realizan busca de recursos educativos dixitais en liña.</p> <p><b>E4:</b> Tanto o equipo directivo como o profesorado indican que se fai uso de diferentes tecnoloxías dixitais para comunicacións relativas ao centro educativo.</p>	<p><b>G9.</b> Tanto o profesorado como o equipo directivo consideran que non empregan datos individuais para mellorar a experiencia de aprendizaxe de cada alumno/a.</p> <p>-O profesorado afirma que non adoita crear contidos e actividades dixitais para desenvolver a súa función docente.</p> <p>-O nivel de competencia dixital do profesorado é medio-baixo.</p>
<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>		
<b>ALUMNADO</b>		-O nivel de competencia dixital do alumnado é medio-baixo.
<b>FAMILIAS</b>		-O nivel de competencia dixital das familias é medio-baixo.
<b>OFERTA</b>	-O equipo directivo e o profesorado aprobaron a creación de dúas materias de libre configuración directamente relacionadas coa tecnoloxía dixital: Iniciación ás TICS I e II, para 1º e 2º de ESO respectivamente.	
<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	-O IES Ramón Caamaño é un centro pequeno e con bo clima de traballo, o que facilita as posibilidades reais de emprender diferentes proxectos relacionados coas novas tecnoloxías.	<p><b>A1:</b> Tanto o equipo directivo como profesorado indican a falta de estratexia dixital no centro.</p> <p><b>B1:</b> Tanto o equipo directivo como o profesorado consideran que non se avalían os seus progresos en materia de ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>-Tanto o equipo directivo como o profesorado concordan en que non existe unha planificación de centro para ensinar ao alumnado a empregar de maneira segura as TICS.</p>

		<p>-Tanto o equipo directivo como o profesorado afirman que non é posible enviar arquivos por correo electrónico ao servizo de reprografía do centro.</p> <p>-Tanto o equipo directivo como o profesorado afirman que non é posible ver a dispoñibilidade das aulas de uso compartido ou reservarlas online.</p> <p>-O equipo directivo e o profesorado temen que o plan dixital se convirta nun elemento baleiro da programación, con escasa ou nula aplicación.</p>
--	--	---

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>-Existe oferta variada de programas e proxectos para formación do profesorado.</p> <p>-A administración educativa aposta polo Plan Dixital.</p> <p>-O Plan Dixital supón un incentivo para a mellora da calidade educativa.</p> <p>-O centro conta coa figura dun mentor ADIX na zona, que apoia ao equipo directivo e ao profesorado no camiño da dixitalización.</p>	<p><b>C3:</b> Aínda que a comunidade educativa considera que o acceso a internet no centro é bo, a conexión wifi é moi lenta e non sempre funciona.</p> <p>-O profesorado destaca que a Administración Educativa non atende as demandas do profesorado no que se refire ao uso das tecnoloxías dixitais no proceso educativo.</p> <p>-O equipo directivo e o profesorado afirman que os continuos cambios na lexislación educativa e o grao de improvisación e presión nas demandas da administración a nivel dixital, dificultan en gran medida a actualización do labor docente.</p> <p>-O equipo directivo e o profesorado sinalan que as demandas que se presentan ante a administración educativa en canto a dotación de equipos e material tecnolóxico, tardan moito en ser atendidas ou, en moitos casos, son ignoradas.</p>
	LEXISLACIÓN		<p>-O equipo directivo e o profesorado afirman que os continuos cambios na lexislación educativa e o grao de improvisación e presión nas demandas da administración a nivel dixital, dificultan en gran medida a actualización do labor docente.</p>
	CONTORNA		

	<b>ANPA</b>	
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	-As actividades formativas do profesorado son as veces son en streaming ou presenciais nas principais cidades (lonxe do noso centro), polo que dificulta a conciliación familiar.  <b>B4:</b> O profesorado manifesta que non colabora con outros centros educativos ou organizacións externas para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais no ámbito educativo.

### 3 Plan de Acción

A continuación, pasamos a enumerar os obxectivos, indicadores e accións a tomar que se consideran prioritarios para o noso centro tras ter analizado toda a información,

### 3.1 Obxectivos, indicadores e accións.

#### "Área/s de mellora": H - Competencias dixitais

<b>OBXECTIVO 1:</b>	Mellorar a competencia dixital do profesorado
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo de dinamización do plan dixital
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Mellorar a competencia dixital docente
<b>Valor de partida</b>	Competencia dixital docente de nivel medio-baixo, tal e como indica no test de CDD.
<b>Valor previsto e data</b>	O 75% do profesorado mellora a súa competencia dixital con respecto o test de CDD.

#### ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	VALOR
<b>A01.1:</b> Formación interna no emprego de Xade, Abalar e Webex.	Equipo directivo e coordinador/a TIC	30/10/22	Aula de informática e conexión a internet.	
<b>A01.2:</b> Formación interna para o emprego do equipo informático do centro (pizarra dixital, sistemas operativos, etc.).	Equipo directivo e coordinador/a TIC	30/11/22	Aula de informática e conexión a internet.	
<b>A01.3:</b> Formación interna no emprego de ferramentas para o cálculo das notas (follas de cálculo).	Equipo directivo e coordinador/a TIC	20/12/22	Aula de informática e conexión a internet.	
<b>A01.4:</b> Formación para o emprego da aula virtual.	CFR (Relator externo)	28/02/23	Aula de informática e conexión a internet.	
<b>A01.5.</b> Emprego do libro de texto dixital.	CFR (Relator externo)	30/04/23	Aula de informática e conexión a internet.	
<b>A01.6.</b> Formación na dinamización da imaxe corporativa do centro (web, redes sociais ...)	CFR (Relator externo)	30/05/23	Aula de informática e conexión a internet.	

**"Área/s de mellora": H- Competencias dixitais do alumnado**

<b>OBXECTIVO 2</b>	(H1)Ensinar ao alumnado a empregar as TICS de maneira segura.		
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo Directivo e claustro de profesores		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	O 80 % do alumnado cumpre o decálogo de seguridade (rúbrica, coas porcentaxes)		
<b>Valor de partida</b>	É frecuente que o alumnado non cumpra os mínimos de seguridade		
<b>Valor previsto e data</b>	O 80 % do alumnado emprega as TICS de forma segura		Abril

**ACCIÓNS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	VALOR
<b>A02.1:</b> Elaborar un decálogo de prácticas seguras.	Claustro Coordinador TICS	01/10/22	Equipos informáticos	
<b>A02.2:</b> Tratar nas titorías o decálogo de seguridade	Titores	30/11/22	Equipos informáticos Pizarra dixital	
<b>A02.3:</b> Facer un seguimento e reforzo especial do decálogo nas materias de TICS e Tecnoloxía.	Profesores responsables das materias citadas	10/03/23	Equipos informáticos Aula de informática Móviles	
<b>A02.4:</b> Organizar charlas e	Responsable de	30/03/23	Equipos informáticos	

información a través do Plan Director e de Navega con Rumbo	AAEECC Orientadora Equipo directivo		Aulas para as charlas Biblioteca	
<b>A02.5:</b> Analizar os resultados.	Coordinador TICS	30 de abril 2023	Cuestionario	

**"Área/s de mellora": D-Desenvolvemento profesional continuo**

<b>OBXECTIVO 3</b>	Mellorar a competencia dixital das familias e persoal non docente.
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador TIC - CFR (PFPP) - Formación interna
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	- Grao de capacitación do persoal non docente para responder ás demandas (rúbrica) - Grao de competencia dixital e concienciación das familias no uso seguro
<b>Valor de partida</b>	- Persoal non docente: carencias no manexo de plataformas oficiais da Xunta (expedientes...) e outras ferramentas básicas (procesadores de texto, correo electrónico) - Familias: falta de dominio das TICS para colaborar no proceso de aprendizaxe de aplicacións da comunidade educativa (ABALAR, correo electrónico).
<b>Valor previsto e data</b>	-Persoal non docente: Asistencia a actividades de formación dun mínimo do 50% . -Familias: Implicación dun 25% nas actividades formativas que se oferten desde o centro.

**ACCIÓN A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS
<b>A03.1:</b> Continuar co programa "Escola de familias"	Coordinador PFPP	10/06/23	Plan de Formación. Contía económica dedicada a tal fin.



<b>A03.2:</b> Pór en marcha un programa de formación dixital do persoal non docente centrado no manexo das plataformas oficiais da Xunta.	Coordinador PFPP	10/06/23	Plan de formación. Contía económica dedicada a tal fin
<b>A03.3:</b> Pór en marcha un programa de formación do persoal non docente centrado no manexo de ferramentas dixitais básicas para o desenvolvemento do traballo de Administración.	Coordinador PFPP	10/06/23	Plan de formación Contía económica dedicada a tal fin

### 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Despois de analizar o nivel de dixitalización do noso centro, detectamos as seguintes necesidades:

- Renovar os equipos informáticos do departamento de orientación, da biblioteca, da radio, da sala de profesores e na aula de informática.
- Renovar os proxectores que están a fallar, intentando acurtar os tempos de reparación e/ou substitución.
- Dixitalizar a polo menos 3 aulas con ordenador de sobremesa, proxector e pizarra dixital con altofalantes. Estas formarán parte do noso proxecto de implantación de aulas materia que comezará o vindeiro curso 2022-2023.
- Equipar o laboratorio de ciencias con 5 ordenadores portátiles para facilitar os traballos de investigación na aula.
- Dispoñer de 25 *tablets* para uso directo do alumnado en actividades de aula.
- Mellorar os tempos de reposición de equipos estragados.

### 4. Avaliación do plan

No que se refire ao seguimento e avaliación do Plan Dixital en relación coa consecución dos obxectivos, esta será realizada dende dúas perspectivas:

Avaliación procesual: será realizada unha vez ao final da cada un dos trimestres do curso 22-23. Realizarase un revisión do estado das accións, así como a valoración dos resultados acadados nos distintos obxectivos das táboas dos nosos plans de accións. Ademais, realizaranse propostas de modificación de accións de ser preciso. Utilizaranse os apartados correspondentes das citadas táboas para tal efecto.

Avaliación final: será realizada unha vez ao ano, concretamente ao remate do curso académico 22-23. Farase unha revisión da consecución dos obxectivos formulados e realizaranse posibles propostas de mellora. Utilizaranse os apartados correspondentes de cada unha das táboas do plan de acción para o seu cumprimento.

## **5. Difusión do plan**

Unha vez aprobado o Plan Dixital do noso centro será publicado na *web* do mesmo. Ademais enviarase un enlace ás familias coa entrada para facelas coñecedoras da súa publicación. Tamén se enviará a todo o claustro vía correo electrónico e ao Consello Escolar.